

- 1.- ¿Cales son as características principais que se analizan nos mercados?
2. - Explica as características que debe de ter un mercado en competencia perfecta.
3. - Define que son barreiras de entrada nun mercado e pon algún exemplo.
- 4 - . Nun mercado monopolista ¿Que diferenza hai entre a curva de demanda da empresa e a curva de demanda de mercado?
5. - Se a empresa que intervéen nun mercado é prezo-aceptante esta nun mercado.....
- 6.- ¿ A que tipo de mercado pertence a auga da billa da túa cidade ?
- 7.- ¿Que diferenzas atopa entre un mercado de competencia perfecta e un de competencia monopolística?
8. - Explica as razóns que poden levar a varias empresas nun mercado de oligopolio a chegar a un acordo entre elas.
9. - Explica en qué mercado actúan as seguintes empresas:
 - Aviación civil.
 - Hoteis rurais.
 - Tabaco.
 - Colonias.
 - Laranxas.
- 10.- ¿Que situación de mercado dirías que ten Microsoft no segmento dos sistemas operativos?
- 11:- Bruxelas multa con 487 millóns a 4 fabricantes de cristal por fixar prezo. No 2004 estas catro empresas facturaron entorno a 1.700 millóns de euros polas vendas de cristal plano utilizado na fabricación de ventás, espellos e portas de cristal. Segundo a comisión Asahi, Guardian, Pikiington e Saint-Gobain, que controlan arredor do 80% do mercado, pactaron varias subas de prezos e fixaron os prezos mínimos e outras condicións comerciais.
 - a. - Este comportamento que nomee recibe.
 - b- ¿Cres que é positivo que exista unha lexislación que defenda aos cidadáns e cidadás destes comportamento ?
12. -Explica qué tipo de empresa era Campsa nos anos oitenta e qué tipo de empresa se converteu na actualidade

13. - Explica as diferenzas entre concentración e participación.

14. - Sinala os fallos do mercado.

15- ¿ O mercado provoca problemas de equidade ?

16. - Le detidamente o seguinte artigo e comenta brevemente a súa relación cos fallos do mercado.

INVESTIGACIÓN: Un estudo da Organización de Consumidores Usuarios (OCU) demostra que o 30% dos fogares españois consume auga con niveis de contaminantes superiores aos permitidos.

..... o estudo consistente na toma de 100 mostras de auga da billa en 88 cidades españolas, para detectar niveis de herbicidas e trihalometanos.... A investigación, a primeira destas características que se realiza en España, asegura que a auga que se consome no país non ten ningún perigo para a saúde a curto prazo, pero si conclúe que as autoridades deben tomar medidas, polo menos nun 30% das localidades analizadas, a medio e longo prazo, para eliminar os contaminantes que se atoparon en Andalucía e Extremadura ao ser zonas agrícolas son os lugares onde a auga contén máis pesticidas..... o problema é que os filtros necesarios para eliminar estes contaminantes son caros de instalar e de manter; mesmo hai cidades que os teñen e non os usan para aforrar.....

(Extracto dos artigos de *El País* e *El Mundo*. 30/10/2002)

Que fallos de mercado se produciron? Xustifica a túa resposta.

Solucións

1.- ¿Cales son as características principais que se analizan nos mercados. ?

a. - O número de oferentes.

- Un só oferente no mercado (Monopolio)
- Varios oferentes (Oligopolio)
- Muchos oferentes con bens diferenciados (Competencia monopolística)
- Muchos oferentes cun produto homoxéneo (Competencia perfecta)

b.- As características do ben ou servizo.

- Homoxéneo se case non existe diferenciación entre os bens que se vende ao consumidor e lle dá igual a quen compra (produtos agrícolas semellantes)
- Heteroxéneo ou diferenciado, a miúdo estas diferenzas non teñen base real (Xampús, electrodomésticos)
- Único e exclusivo no mercado, a posibilidade de substitución por outro non existe, (A auga da traída).

c. - Aceptación ou intervención do prezo por parte da empresa.

d. - Barreiras de entrada ou liberdade de entrada no mercado.

f. - Información sobre prezos ou produtos, a maior información maior transparencia.

2. - Explica as características que debe de ter un mercado en competencia perfecta.

a. - Existe moitos demandantes e oferentes, o prezo de todo o sector é o prezo de equilibrio do mercado, a empresa é prezo aceptante.

b.- Liberdade de entrada e saída das empresas no mercado, non existen barreiras de entrada.

c. - O produto é homoxéneo, non está diferenciado.

d. -O mercado é transparente, todos dispoñen da mesma información.

3. - Define que son barreiras de entrada nun mercado e pon algún exemplo.

Impedimentos que frean o ingreso de novas empresas nun mercado determinado.

Existen distinto tipo de barreiras: Patentes, concesións administrativas, tecnolóxicas, requirimentos de capitais elevados, etc.

4 -. Nun mercado monopolista ¿Que diferenza hai entre a curva de demanda da empresa e a curva de demanda de mercado?

Non existe diferenza, a empresa monopolista cobre toda a demanda dun mercado, por iso pode elixir a cantidade que produce e o prezo que paga por ela.

5. - Se a empresa que intervéen nun mercado é prezo-aceptante está nun mercado de **competencia perfecta**.

6.- ¿A que tipo de mercado pertence a auga da billa da túa cidade?

É un monopolio por causas económicas, a subministración de auga a unha cidade realízase mellor se soamente é unha empresa, se fosen varias o servizo sería máis caro e menos eficiente, é o que se coñecen por monopolios naturais.

7.- ¿Que diferenzas atopas entre un mercado de competencia perfecta e un de competencia monopolística?

a. -En competencia perfecta o produto é homoxéneo, en competencia monopolística os produtos son diferenciados aínda que os produtos cobren necesidades semellantes os produtores intentan diferenciar de cara ao consumidor mediante a publicidade..

b.-O prezo nun mercado de competencia perfecta é prezo-aceptante para as empresas, mentres que en competencia monopolística a empresa ten certo poder para fixar o prezo

8. - Explica as razóns que poden levar a varias empresas nun mercado de oligopolio a

chegar a un acordo entre elas.

Lograr maiores beneficios grazas á fixación conxunta de prezos, a distribución de mercados ou á limitación da produción global.

9. - Explica en qué mercado actúan a seguinte empresa:

- Aviación civil.

un oligopolio, poucas empresas se reparten este mercado, grandes barreiras de entrada, as decisións que tome unha das empresas de aviación inflúe nas estratexias que van realizar as súas competidoras.

- Hoteis rurais.

Están nun mercado de competencia monopolística, existen moitas empresas que prestan un servizo semellante, pero diferenciado

-Tabaco.

No mercado de tabaco atopámonos nun caso de oligopolio, existen fortes barreiras de entradas legais, onde solo tres ou catro distribuidoras controlan o mercado

- Colonias.

Mercado en competencia monopolística, moitas empresas con produtos semellantes pero moi diferenciados pola publicidade, as marcas

- Laranxas.

Próximo á competencia perfecta, existe unha grande cantidade de produtores, produto homoxéneo, teñen un prezo parecido.

10.- ¿Que situación de mercado dirías que ten Microsoft no segmento dos sistemas operativos?

Esta funcionando como un monopolio case perfecto, Microsoft controla preto do 90% das vendas dos sistemas operativos.

11:- Bruxelas multa con 487 millóns a 4 fabricantes de cristal por fixar prezo. No 2004 estas catro empresas facturaron entorn a 1.700 millóns de euros polas vendas de cristal plano utilizado na fabricación de ventás, espellos e portas de cristal. Segundo a comisión Asahi, Guardian, Pilkington e Saint-Gobain, controlan arredor do 80% do mercado e pactaron varias subas de prezos e fixaron os prezos mínimos e outras condicións comerciais.

a. - Este comportamento que nome recibe.

Oligopolio colusivo ou cártel

b- ¿Cres que é positivo que exista unha lexislación que defenda aos cidadáns e cidadás destes comportamentos?

Si, pola contra os oligopolistas manteñen un comportamento parecido ao dun monopolio, poden fixar prezos maiores ou dar servizos peores ou bens de máis baixa calidade, o que resulta un claro prexuízo para os consumidores e consumidoras, que se verán obrigados a pagar máis por produtos de uso moi habitual.

12. - Explica qué tipo de empresa era CAMPSA nos anos oitenta e qué tipo de empresa se converteu na actualidade

CAMPESA nos anos 80 era un monopolio, na actualidade actúan nun mercado oligopolista.

13. - Explica as diferenzas entre concentración e participación.

A integración de sociedades supón a perda da personalidade xurídica de polo menos dunha das empresas.

Na participación unha empresa adquire unha parte das accións doutras sociedades, sen perda de personalidade xurídica..

14. - Sinala os fallos do mercado.

Externalidades, poder de mercado, desigualdade na repartición da renda, insolidaridade na conduta social, desequilibrio no desenvolvemento económico.

15.- ¿ O mercado provoca problemas de equidade ?

Si, o mercado provoca que aquelas persoas que teñen unha renda superior saian máis beneficiadas, o mercado incrementa as desigualdades económicas e sociais.

16.- Le detidamente o seguinte artigo e comenta brevemente a súa relación cos fallos do mercado.

INVESTIGACIÓN: Un estudo da Organización de Consumidores Usuarios (OCU) demostra que o 30% dos fogares españois consume auga con niveis de contaminantes superiores aos permitidos.

..... o estudo consistente na toma de 100 mostras de auga da billa en 88 cidades españolas, para detectar niveis de herbicidas e trihalometanos.... A investigación, a primeira destas características que se realiza en España, asegura que a auga que se consome no país non ten ningún perigo para a saúde a curto prazo, pero si conclúe que as autoridades deben tomar medidas, polo menos nun 30% das localidades analizadas, a medio e longo prazo, para eliminar os contaminantes que se atoparon en Andalucía e Extremadura ao ser zonas agrícolas son os lugares onde a auga contén máis pesticidas..... o problema é que os filtros necesarios para eliminar estes contaminantes son caros de instalar e de manter; mesmo hai cidades que os teñen e non os usan para aforrar.....

(Extracto dos artigos de *El País* e *El Mundo*. 30/10/2002)

Que fallos de mercado se produciron? Xustifica a túa resposta.

Externalidades negativas, situación que se produce porque una serie de empresas están contaminando las aguas, repercutiendo los costes a la sociedad, sin asumirlos ellas.